

O grupo.

Dinámica de grupos. Condución de actividades físico-deportiva no medio natural.
IES Terra de Turonio

0. Introducción

As persoas entran a formar parte ao longo da súa vida de moitos grupos. Isto sucede porque normalmente a existencia das persoas desenvólvese en sociedade. O home é un ser social e o social é para o home como a auga ou o ar para os seres vivos. Nacemos no seo dun grupo familiar, temos unha clase na escola, temos un grupo de amigos, pertencemos a un club deportivo, a unha comunidade de veciños, traballamos en grupo, fundamos unha nova familia,...

1. Definición

A palabra grupo corresponde a un dos principais conceptos tanto da fala cotiá como da linguaxe científica e serve para designar determinadas características e formas da realidade. Trátase dun concepto que ordena e clasifica destacando os aspectos comúns dunha serie de elementos iguais ou semellantes: grupo de árbores, grupo de casas, grupo de persoas, grupo de estrelas, grupo de elementos (por exemplo, nas matemáticas ou na química), etc.

Actualmente acéptase nas ciencias sociais e humanas o concepto de grupo referíndose ás formacións sociais dun tamaño e estrutura determinados.

O concepto de grupo pode definirse así:

- Un grupo social consta dun determinado número de membros.
- Que teñen un obxectivo común (obxectivo de grupo),
- Inmersos durante un período de tempo prolongado nun proceso relativamente continuo de comunicación e interacción.
- Desenvolven un sentimento de solidariedade (sentimento de nós).
- Teñen un sistema de normas comúns.
- Existe unha distribución de tarefas en función dunha diferenciación de roles específica de cada grupo.

Ou, tamén segundo Morales (1996): O grupo é un conxunto de humanos no que existe interacción entre eles e no que os seus compoñentes cumpren estas tres características:

- Defínense como membros do grupo.
- Comparten unha serie de crenzas ou valores.
- Desenvolven algunha actividade coordinada.

O concepto de grupo débemolo distinguir do de sociedade, clase, ou multitude. Estes termos abarcan conxuntos de persoas moito máis amplos. Unha sociedade é un conxunto de persoas que comparten hábitat e dependen os uns dos outros para subsistir. A clase social fai referencia ao conxunto de persoas que nunha sociedade comparte a mesma cota de poder. A multitude ou masa é o conglomerado humano numeroso e indiferenciado.

2. Características

Que é o que fai, entón, dunha pluralidade de persoas un grupo social? Responder a esta cuestión equivale a enumerar as características do grupo social:

a.- Interacción recíproca. Para que podamos falar de grupo social, compre que os seus membros manteñan entre si relacións regulares que se axusten a normas e que teñan unha duración suficiente como para que tales pautas cristalicen nunha estrutura interna de status e roles, é dicir, en distintas posicións e papeis dos individuos dentro do grupo.

b.- Existencia de obxectivos, valores e actividades compartidas. Esta conciencia de grupo deriva do feito de que os seus membros comparten un conxunto de obxectivos, valores e crenzas comúns. A existencia de obxectivos, valores, actitudes e sentimentos compartidos, é outro elemento esencial na definición de grupo social. A cohesión do grupo depende do grado de aceptación destes obxectivos e valores que, con frecuencia, cristalizan nunha simboloxía e nunhas formas rituais cuxa función adoita ser reforzar a conciencia de grupo e afirmar a vixencia dos valores e actitudes compartidas; en definitiva, reforzar a unidade e identidade do grupo.

c.- Estabilidade e duración relativa. A emerxencia de normas, valores e obxectivos, así como a definición dos diferentes status e roles asociados, esixe que a interacción entre os membros, teña unha certa duración no tempo. Isto distingue ó grupo dunha mera reunión accidental de persoas. Non obstante, a duración no tempo é un criterio relativo que depende enteiramente do tipo de grupo de que se trate. Dende o grupo que se forma para a realización dunha tarefa concreta se dissolve unha vez finalizada esta, ata a estabilidade e permanencia do grupo familiar.

d.- Conciencia de grupo. A existencia do grupo esixe que os seus membros se identifiquen a si mesmo como tales. Os seus compoñentes vense a si mesmos como un “nós” perfectamente diferenciado dos outros. Máis aínda, a conciencia do propio grupo formase a partir da oposición do “nós” fronte ao “eles”, e das relacións que se supón que o grupo propio debe manter cos demais.

e.- Recoñecemento como tal. Diríamos que esta característica é a complementaria á anterior; aquí non se trata de asumir dende dentro do grupo un “nos”, senón que dende fora sexa o resto da sociedade, ou polo menos o entorno máis próximo, o que recoñeza un “vos”. A identidade dos grupos sociais nace da relación entre a conciencia de grupo e o recoñecemento exterior.

identidade de grupo		
conciencia de grupo	e	recoñecemento como tal
subxectiva e interna		obxectivo e externo
nós		vós

3.- CLASIFICACIÓNS DOS GRUPOS SOCIAIS

Grupos sociais					
estrutura		identificación		socialización	
formal	informal	pertenza	referencia	primario	secundario

Podemos clasificar os grupos por infinidade de criterios: tamaño, obxectivos, contextos, aínda que os criterios máis utilizados son os seguintes:

- Segundo a súa estrutura: grupos formais e grupos informais.
- Segundo a identificación (individuo-grupo): grupos de pertenza e grupos de referencia.
- Segundo o seu papel na socialización: grupos primarios e grupos secundarios.

3.1. Grupos formais e informais:

Formal e informal serven para designar características estruturais das formacións sociais.

Os grupos formais, aínda que ás veces se lles chama máis ben organizacións, caracterízanse ante todo polos seguintes atributos: É o produto dunha planificación racional por parte da cúspide da organización e os seus órganos directivos. Componse de regulacións e normas fixas que afectan a persoas e a situacións. E finalmente está orientada aos fins da organización, non do individuo.

Os grupos informais presentan, polo contrario, as seguintes características: É o resultado dunha serie de procesos espontáneos de interacción entre os compañeiros da organización ou institución que se atopan en contacto directo. Está baseada en acordos persoais e prácticas habituais, e tamén está orientada ás necesidades e experiencias persoais dos membros do grupo.

grupos formais	grupos informais
Planificados	Espontáneos
Racionais	Afectivos
Fins e necesidades da organización	Fins e necesidades persoais
Normas fixas e impostas	Normas cambiantes e acordadas

É relativamente frecuente que dentro dos grupos formais atopemos grupos informais, por exemplo un grupo de traballadoras dunha empresa que tanto no horario laboral como fora del establecen relacións propias dos grupos informais: falan a nivel persoal, quedan regularmente para realizar exercicio físico,...

3.2. Grupos de pertenza e grupos de referencia.

O segundo criterio que podemos ter en conta á hora de clasificar os grupos é a relación de máis ou menos identificación que existe entre o individuo e as normas e valores do grupo. Segundo este criterio poden darse dúas situacións de pertenza: unha na que o individuo non se adhire completamente ós obxectivos do grupo e outra na que exista esta identificación plena.

Para explicar esta última situación achegámonos ao concepto de grupo de referencia, que é aquel tipo de grupo co que nos sentimos totalmente identificados cos seus valores e obxectivos e aos que desexamos incorporarnos porque non pertencemos a el realmente. Esta situación é frecuente en emigrantes, novos ricos, novos titulados, que pertencendo realmente a un grupo desexan comportarse conforme ás regras e normas do grupo que teñen por referencia.

grupo de pertenza	grupo de referencia (positiva)
Grupo ó que pertencemos Non é necesaria a identificación	Grupo ó que desexamos pertencer Identificación plena co grupo
Coinciden no espazo e no tempo todos os individuos	Non é necesario coincidir no espazo nin no tempo
Socialización normal	Socialización de anticipación

Algúns autores distinguen entre grupos de referencia positiva para o individuo e grupos de referencia negativa para o individuo.

-Os de referencia positiva para o individuo provocan a adecuación das súas condutas aos comportamentos do grupo.

-Os de referencia negativa para o individuo provocan a diferenciación das súas condutas das do grupo.

3.3. Grupos primarios e secundarios.

grupo primario	grupo secundario
socialización primaria (construcción do “eu” social)	socialización secundaria (participación en institucións)
nº pequeno de membros	nº grande de membros
relaciones: persoais (face to face) directas entre todos	relaciones: impersonales indirectas entre algúns
clima afectivo (estase por afecto)	clima aséptico (estase por interese)
libre expresión da personalidade	non hai expresión da personalidade
exemplos: familia. “ <i>pandillas</i> ” (grupo de pares)	exemplos: grandes empresas, sindicatos...

O concepto de grupo primario está intimamente ligado coa construción do “eu social”, é dicir, a imaxe social de nós mesmos, como cremos que somos vistos polos demais. A construción do *eu social* elabórase no proceso da socialización primaria no contexto dos grupos primarios como por exemplo: a familia, o grupo de xogo ou os veciños. O grupo primario caracterízase polo reducido número de membros que o integran, o que permite unhas relacións cara a cara “*face to face*” entre todos os seus membros. No grupo primario todos os membros coñécense persoalmente e manteñen relacións directas. Este feito, unido a un clima afectivo xeralmente intenso, fan posible a expresión libre, relativamente, e espontánea das personalidades dos seus membros.

Os grupos secundarios distínguense, polo contrario, polo carácter impersoal e anónimo das relacións entre os seus membros, que se deriva tanto do elevado número de persoas que o integran, como de que xeralmente posúen unha forte organización formal. Permanécese neles non polo propio valor das relacións en si mesmas, senón polo interese que comporta o logro dos obxectivos propostos.

Adaptado de Juan Sebastián Fernández Prados(2000)
Bibliografía: Pablo A. Gil Morales. *Animación y dinámica de grupos deportivos.*